



Concello de Mugar dos

Unidade xestora: 001.002 Contratación

Actividade: Contratacións

Procedemento: Contratacións

Código de clasificación: 2.04.00

Expediente: 610/2024

Trámite: Memoria xustificativa

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO DO SERVIZO DE ALMORZO E XANTAR E O DE MONITORES/AS COIDADORES/AS DE COMEDORES ESCOLARES MUNICIPAIS

Emítase a presente Memoria de acordo co disposto nos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP) e dando cumprimento co disposto no artigo 63.3 da LCSP.

1. ACREDITACIÓN DA NECESIDADE NA CONTRATACIÓN.

De acordo co establecido no artigo 28 da lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público “*As entidades do sector público non poderán celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais. Para ese efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia diso na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación. 2. As entidades do sector público velarán pola eficiencia e o mantemento dos termos acordados na execución dos procesos de contratación pública, favorecerán a axilización de trámites, valorarán a incorporación de consideracións sociais, ambientais e de innovación como aspectos positivos nos procedementos de contratación pública e promoverán a participación da pequena e mediana empresa e o acceso sen custo á información, nos termos previstos na presente Lei.*”

Na actualidade a escola convértese, nunha área estratéxica, xa que cada vez máis o proceso educativo ocupa unha parte moi importante da vida dos nenos e nenas e adolescentes, tanto polas horas diarias de actividade, como polos anos de permanencia nos centros, que hoxe se estende desde a escola infantil de 0-3 anos ao bacharelato ou á formación profesional. É o medio idóneo para a divulgación, aprendizaxe e realización de hábitos e estilos de vida saudables.

Por outra banda, a realidade social está demandando das administracións públicas maiores e mellores servizos relacionados coa conciliación da vida familiar laboral e persoal, de cara a facilitar a inserción laboral das persoas.





Concello de Mugar dos

Ademais de ferramenta de conciliación e inserción laboral, o comedor escolar debe proporcionar a consolidación duns hábitos de saúde e hixiene que se desenvolven no entorno familiar. Tamén debe permitir traballar outros valores como son a solidariedade, a cooperación, a tolerancia e a igualdade entre mulleres e homes.

Os comedores escolares deberán cumprir as esixencias establecidas na lexislación vixente en materia de seguridade alimentaria (Regulamento CE 852/2004, do 29 de abril, relativo á hixiene dos produtos alimenticios, o Real Decreto 3484/2000, do 29 de decembro, polo que se establece as normas de hixiene para a elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas, e o Real Decreto 202/2000, do 11 de febreiro, polo que se regulan as normas relativas aos manipuladores de alimentos), así como as demais disposicións legais vixentes en materia de comedores colectivos.

O servizo de comedor escolar municipal é un servizo educativo, complementario, compensatorio e social, especialmente destinado a garantir a efectividade da educación obrigatoria dentro dos principios de igualdade, en especial entre homes e mulleres, e solidariedade. Constitúe ademais una medida valiosa para contribuír á organización e conciliación de vida familiar, laboral e persoal das familias mugardezas.

2. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do presente contrato é a execución da prestación do servizo de almorzo e xantar e o de monitores/as coidadores/as de comedor escolar, consistente na elaboración de comidas ou comidas e almorzos, o seu servizo e a supervisión e atención ao alumnado con monitores/as coidadores/as do alumnado. Devandito servizo deberá ser prestado conforme ao establecido nos pregos de cláusulas administrativas particulares, prescricións técnicas e o Regulamento vixente (actualmente o publicado no BOP núm. 213 de 10.11.2022).

Así mesmo, tamén é obxecto a realización do servizo complementario de comedor do Espazo Infantil de Xogo (EIX) do Concello de Mugar dos, o cal deberá ser prestado conforme ao establecido nos pregos de cláusulas administrativas particulares, prescricións técnicas e as bases de funcionamento e acceso do Espazo Infantil de Xogo vixentes (na actualidade, BOP núm. 101, 30.05.2018).

Diferéncianse dous bloques específicos:

Bloque 1: Servizo de almorzo e xantar e de monitores/as coidadores/as de comedor escolar.

O alumnado será o autorizado segundo o Regulamento do comedor escolar vixente.

1. Para os efectos do presente contrato entenderase pola elaboración de COMIDAS e ALMORZOS:

Elaboración de comidas: elaboración das comidas nas instalacións de cociña da empresa adxudicataria.

Servizo: a distribución dos menús escolares ata as mesas do comedor escolar, a repartición entre os comensais e, finalmente, a recollida do material empregado.





Concello de Mugardos

Supervisión: a asistencia e coidado do alumnado durante a utilización do servizo de comedor, así como nos períodos anterior e/ou posterior á utilización do mesmo (7.30-9.00 h. pola mañá, e 14.00 – 16.00 h.).

2. As necesidades administrativas a satisfacer son a prestación do servizo de comedor escolar correspondentes a XANTAR e o ALMORZO, de haber número suficiente de nenos/as.
3. O número máximo de servizos ou comensais diarios para o xantar e de 58 menús diarios, correspondentes ás prazas autorizadas no CEIP Unión Mugardesa; e cun máximo de 24 no CEIP Santiago Apóstol.
4. O número mínimo de servizos ou comensais diarios para o almuerzo fíxase en 7 en cada un dos centros, cun máximo de 58 e 24 almorzos diarios no CEIP antes mencionados respectivamente, correspondentes ás prazas autorizadas.

Bloque 2: Servizo complementario de comedor do Espazo Infantil de Xogo (EIX).

1. Os nenos e nenas participantes serán aqueles aos que se lles conceda praza no EIX e no mencionado servizo, nun número mínimo de 7 e máximo de:

CEIP Unión Mugardesa: 45 por quincena nos meses de verán, e 30 no Nadal, sen prexuízo do que se estipule en cada convocatoria específica.

CEIP Santiago Apóstol: 30 por quincena nos meses de verán, e 15 no Nadal, sen prexuízo do que se estipule en cada convocatoria específica.

2. A diferenza do establecido para o bloque 1, os horarios deste servizo son de 8:00 a 9:30 para o almuerzo, e 14:00 a 15:30 para o xantar.

O servizo complementario de comedor do EIX prestarase durante os meses de xullo e agosto no verán e os días non lectivos do Nadal, en horario de 8.00 h a 9.30 para o almuerzo e de 14.00 a 15.30 h para a comida tanto no CEIP Unión Mugardesa como no CEIP Santiago Apóstol de Franza.

As características e réxime de funcionamento do servizo complementario de comedor do EIX rexeranse polas Bases de funcionamento e acceso vixentes en cada momento para o EIX (na actualidade as publicadas no BOP núm. 101, 30.05.2018).

As características e réxime de funcionamento dos comedores escolares municipal quedan recollidas no regulamento do comedor escolar municipal vixente en cada momento.

3. INSUFICIENCIA DE MEDIOS.

Tal e como establece o informe asinado o día 15.03.2024 polo alcalde, o concello non dispón dos suficientes medios persoais e técnicos para prestar o servizo epigrafiado mantendo a prestación de servizos públicos obrigatorios e indispensables para o funcionamento ordinario do contrato, xustifícase a necesidade de proceder á licitación.





Concello de Mugardos

4. DIVISIÓN EN LOTES.

En canto á división en lotes o artigo 99.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público determina que *“Sempre que a natureza ou o obxecto do contrato o permitan, deberá preverse a realización independente de cada unha das súas partes mediante a súa división en lotes, podéndose reservar lotes de conformidade co disposto na disposición adicional cuarta.”*

Non se prevé a división en lotes do obxecto do contrato porque a realización independente das diversas prestacións, comprendidas no obxecto do contrato, dificultaría a correcta execución do mesmo, conforme indica o artigo 99 da vixente Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traslada ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014”.

Non procede a división en lotes do contrato por entender que as prestacións incluídas no obxecto do contrato responden a unha única función técnica e económica e gardan entre si un vínculo operativo. Resulta exixible que nun contrato se incluan todas as prestacións necesarias para a satisfacción da necesidade final do contrato.

A administración de recursos e a coherencia na toma de decisións que require a execución do servizo son elementos a ter en conta para un eficaz desenvolvemento do contrato. Así mesmo o compoñente de unidade tamén se basea na aplicación de mesmos métodos, protocolos e sistemas que elevan o nivel de eficiencia do servizo.

A non división do contrato por lotes contribúe por economía de escala, dimensión crítica e optimización de recursos (tendo en conta que sería un único interlocutor co que resolver as diferentes situacións que se poidan presentar na execución normal do servizo), a unha mellora na distribución e asignación técnica-económica da execución do servizo.

Queda xustificado por tanto que este órgano de contratación aprecia que a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultarán a correcta execución do mesmo desde un punto de vista técnico, organizativo e económico, ademais da xa citada dimensión dos recursos empregados. Todo isto ao amparo do seguinte:

O órgano de contratación debe ponderar o principio de eficiencia que supón un resultado ao menor custo posible e que suxire a utilización de técnicas de racionalización da contratación pública e a agregación da demanda para obter economías de escala (acordos marco, sistemas dinámicos de contratación ou centrais de compras), co principio de concorrencia que se atopa intimamente relacionado coa publicidade e permite garantir a libre competencia, permitindo a valoración do maior número de ofertas posibles.

Tal como resolve o TACRC en resolución nº 218/2016, sobre fraccionamiento do contrato mediante división en lotes *“é o resultado da ponderación conxunta duns e outros principios eficacia e eficiencia na contratación pública e máis concretamente, os aspectos (...) dunha parte a liberdade de acceso ás licitacións, non discriminación e salvagarda da competencia,*





Concello de Mugardos

doutra parte, o que debe erixirse en pauta para determinar a orixe ou non de fraccionar o obxecto do contrato mediante a súa división por lotes”.

En resumo, en consideración ás prestacións do contrato, NON se recomenda a división en lotes xa que resulta evidente que os traballos necesarios para levar a cabo o servizo teñen para o Concello de Mugardos unha conexión material patente, que non se limita a ser meramente subxectiva e cuxo alcance e dimensións afastan de toda lóxica a división en lotes do servizo.

5. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

De conformidade co artigo 145 da LCSP, a adxudicación dos contratos realizábase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación con base na mellor relación calidade-prezo.

A estes efectos propóñense os seguintes criterios de adxudicación, cuxa valoración depende de xuízos de valor e da aplicación de fórmulas matemáticas, estimándose adecuados para garantir a mellor relación calidade-prezo na selección das proposicións:

- Melloras técnicas e de xestión (proxecto de servizo)
- Prezo ofertado.

A elección destes criterios xustifícase en que foron establecidos para buscar en todo momento a mellor relación calidade-prezo e están baseados na procura da mellor relación custo – eficacia en función do obxecto do contrato.

Formúlanse con pleno respecto aos principios de igualdade, non discriminación, transparencia e proporcionalidade, e van acompañados de especificacións que permiten avaliar as ofertas segundo os criterios de adxudicación.

6. SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA E TÉCNICA DOS LICITADORES.

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibicións de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

A solvencia económica e financeira do empresario deberá acreditarse polos medios seguintes:

a) Volume anual de negocios do licitador ou candidato, que referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos anos concluídos deberá ser a menos unha vez e media o valor estimado do contrato.

A solvencia técnica ou profesional dos empresarios deberá apreciarse tendo en conta os seus coñecementos técnicos, eficacia, experiencia e fiabilidade, o que deberá acreditarse, por un ou varios dos medios seguintes:

a) A experiencia na realización de traballos do mesmo tipo ou natureza ao correspondente





Concello de Mugar dos

obxecto do contrato, que se acreditará mediante a relación de traballos efectuados polo interesado no curso dos últimos tres anos, correspondentes ao mesmo tipo ou natureza ao que corresponda o obxecto do contrato, avalados por certificados de boa execución, e o requisito mínimo será que o importe anual acumulado no ano de maior execucións sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato.

b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade.

Con todo conforme ao disposto no artigo 90.4 da LCSP as empresas de nova creación, entendendo por tales aquelas que teñan unha antigüidade inferior a cinco anos a solvencia técnica acreditarase por un ou varios medios dos relacionados na letra b) do devandito artigo.

De conformidade co artigo 96 da LCSP, a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público acreditará fronte a todos os órganos de contratación do sector público, a tenor do reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira e técnica ou profesional, clasificación e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar que deban constar no mesmo.

A inscrición no Rexistro de Licitadores dunha Comunidade Autónoma acreditará idénticas circunstancias a efectos da contratación coa mesma, coas entidades locais incluídas no seu ámbito territorial, e cos restantes entes, organismos ou entidades do sector público dependentes dunha e outras.

7. ANÁLISE ECONÓMICA. VALOR ESTIMADO. FINANCIAMENTO.

7.1. FINANCIAMENTO.

ORZAMENTO

Excepto criterio superior da Intervención municipal, entendemos que o contrato non supoñerá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello.

7.2. PREZO DO CONTRATO.

A retribución do contratista consistirá nun prezo certo que deberá expresarse en euros.

O orzamento base de licitación do contrato ascende á cantidade fixada na táboa que se achega a continuación. Estará distribuído nas anualidades previstas na mesma.

BLOQUE 1:

Os prezos estableceranse en función de si se executará o servizo de xantar unicamente, ou, si se





Concello de Mugar dos

oferta servizo de xantar e almorzo (en función da demanda e a decisión do Concello), para o que se expoñen a continuación dúas táboas cos prezos unitarios máximos diarios do menú/personas usuarias/día en función das estimacións efectuadas no estudio económico realizado ao efecto.

Aos efectos de estimar o custo do servizo, pártese da situación actual, tanto no relativo aos custos de explotación, canto no tocante ao volume dos servizos que se prestan.

PREZO DE SERVIZO DESGLOSADO DE ALMORZO POR CENTRO EDUCATIVO				
	PREZO UNITARIO SEN IVE	TIPO DE IVE	IVE	PREZO UNITARIO CON IVE
	1,43	0 %	0	1,43
	2,10	10%	0,21	2,31
TOTAL	3,53		0,21	3,74

PREZO DE SERVIZO DE ALMORZO POR CENTRO EDUCATIVO		
PREZO UNITARIO SEN IVE	IVE	PREZO UNITARIO CON IVE
3,53	0,21	3,74

PREZO DE SERVIZO DESGLOSADO DE XANTAR POR CENTRO EDUCATIVO				
	PREZO UNITARIO SEN IVE	TIPO DE IVE	IVE	PREZO UNITARIO CON IVE
	2,43	0 %	0	2,43
	4,63	10%	0,46	5,09
TOTAL	7,06		0,46	7,52





Concello de Mugardos

PREZO DE SERVIZO DE XANTAR POR CENTRO EDUCATIVO		
PREZO UNITARIO SEN IVE	IVE(10%)	PREZO UNITARIO CON IVE
7,06	0,46	7,52

A) Ano 2024 (DE SETEMBRO A DECEMBRO): Iniciarase e finalizará a prestación do servizo rexida polo presente prego desde o día sinalado no contrato ou no acta de inicio, así como os de libre disposición de cada un dos centros, estimándose neste período un máximo de 72 días lectivos (segundo o habitual dos calendarios dos cursos escolares).

O importe estimado máximo neste período ascende a 42.675,67 euros IVE excluído, ao que lle corresponden 2.692,35 euros de IVE (10%), o que fai un total de 45.368,02 euros.

B) Ano 2025 (DE XANEIRO A XUÑO): Iniciarase e finalizará a prestación do servizo rexida polo presente prego desde o día sinalado no contrato ou no acta de inicio, así como os de libre disposición de cada un dos centros, estimándose neste período un máximo de 179 días lectivos (segundo o habitual dos calendarios dos cursos escolares).

O importe estimado máximo neste período ascende a 57.258,69 euros IVE excluído, ao que lle corresponden 3.612,37 euros de IVE (10%), o que fai un total de 60.871,06 euros.

C) PRORROGA

-Ano 2025 (DE SETEMBRO A DECEMBRO): Iniciarase e finalizará a prestación do servizo rexida polo presente prego desde o día sinalado no contrato ou no acta de inicio, así como os de libre disposición de cada un dos centros, estimándose neste período un máximo de 179 días lectivos (segundo o habitual dos calendarios dos cursos escolares).

O importe estimado máximo neste período ascende a 42.675,67 euros IVE excluído, ao que lle corresponden 2.692,35 euros de IVE (10%), o que fai un total de 45.368,02 euros.

-Ano 2026 (DE XANEIRO A XUÑO): Iniciarase e finalizará a prestación do servizo rexida polo presente prego desde o día sinalado no contrato ou no acta de inicio, así como os de libre disposición de cada un dos centros, estimándose neste período un máximo de 179 días lectivos (segundo o habitual dos calendarios dos cursos escolares).

O importe estimado máximo neste período ascende a 57.258,69 euros IVE excluído, ao que lle corresponden 3.612,37 euros de IVE (10%), o que fai un total de 60.871,06 euros.

BLOQUE 2:

Pola súa banda, o servizo complementario de comedor do EIX (bloque 2) prestarase nos meses de xullo e agosto e nos días non lectivos do Nadal, dos mesmos períodos: verán do ano 2025; e Nadal do curso escolar 2024/2025. No caso de prórroga, no Nadal do curso 2025/2026 e no verán do ano 2026.

Os prezos estableceranse en función de si se executará o servizo de xantar unicamente, ou, si se oferta servizo de xantar e almorzo (en función da demanda e a decisión do Concello), para o que se expoñen a continuación dúas táboas cos prezos unitarios máximos diarios do menú/persoas usuarias/día en función das estimacións efectuadas no estudo económico realizado ao efecto.





Concello de Mugar dos

Aos efectos de estimar o custo do servizo, pártese da situación actual, tanto no relativo aos custos de explotación, canto no tocante ao volume dos servizos que se prestan.

PREZO DE SERVIZO DESGLOSADO DE ALMORZO POR CENTRO EDUCATIVO				
	PREZO UNITARIO SEN IVE	TIPO DE IVE	IVE	PREZO UNITARIO CON IVE
	1,43	0 %	0	1,43
	2,10	10%	0,21	2,31
TOTAL	3,53		0,21	3,74

PREZO DE SERVIZO DE ALMORZO POR CENTRO EDUCATIVO		
PREZO UNITARIO SEN IVE	IVE	PREZO UNITARIO CON IVE
3,53	0,21	3,74

PREZO DE SERVIZO DESGLOSADO DE XANTAR POR CENTRO EDUCATIVO				
	PREZO UNITARIO SEN IVE	TIPO DE IVE	IVE	PREZO UNITARIO CON IVE
	2,43	0 %	0	2,43
	4,63	10%	0,46	5,09
TOTAL	7,06		0,46	7,52

PREZO DE SERVIZO DE XANTAR POR CENTRO EDUCATIVO		
PREZO UNITARIO SEN IVE	IVE(10%)	PREZO UNITARIO CON IVE
7,06	0,46	7,52

A) Ano 2024: 10 días de nadal (segundo o habitual dos calendarios dos cursos escolares).

O importe estimado máximo neste período ascende a 677,95 euros IVE excluído, ao que lle corresponden 42,77 euros de IVE (10%), o que fai un total de 720,72 euros.

B) Ano 2025: 42 días de verán (segundo o habitual dos calendarios dos cursos escolares).





Concello de Mugardos

O importe estimado máximo neste período ascende a 3.559,25 euros IVE excluído, ao que lle corresponden 224,54 euros de IVE (10%), o que fai un total de 3.783,79 euros.

C) PRORROGA

-**Ano 2025:** 10 días de nadal (segundo o habitual dos calendarios dos cursos escolares).

O importe estimado máximo neste período ascende a 677,95 euros IVE excluído, ao que lle corresponden 42,77 euros de IVE (10%), o que fai un total de 720,72 euros.

-**Ano 2026:** 42 días de verán (segundo o habitual dos calendarios dos cursos escolares).

O importe estimado máximo neste período ascende a 3.559,25 euros IVE excluído, ao que lle corresponden 224,54 euros de IVE (10%), o que fai un total de 3.783,79 euros.

CADRO RESUMO

	PRIMEIRA ANUALIDADE	PRÓRROGA
BASE IMPOÑIBLE	104.171,56	104.171,56
IVE (10%)	6.572,03	6.572,03
TOTAL	110743,59	110.743,59

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN: 110.743,59 EUROS.

7.3 VALOR ESTIMADO DO CONTRATO.

Sistema de determinación do orzamento: Como punto de partida considerouse o expresado no artigo 102 da LCSP, que determina que os órganos de contratación coidarán de que o prezo sexa adecuado para o efectivo cumprimento do contrato mediante a correcta estimación do seu importe, atendendo ao prezo xeral de mercado, no momento de fixar o orzamento de licitación. No presente caso tense en conta a facturación de anualidades anteriores do Concello.

A execución dos servizos está amparada por crédito suficiente tal e como se desprende do cadro de características.

O seu cálculo inclúe todos os factores de valoración e gastos que, segundo os documentos contractuais e a lexislación vixente son de conta do adxudicatario, así como os tributos de calquera índole. Considéranse tamén incluídos no prezo do contrato todos os gastos que resultaren necesarios para a súa execución, incluídos os posibles desprazamentos.

Valor estimado do contrato: 208.343,12 €

O valor estimado do contrato calcúlase multiplicando a base imponible anual (104.171,56 €)





Concello de Mugardos

por tódalas anualidades do contrato, prórrogas e modificacións incluídas.

Concepto	Importe (IVE excluído)
Contrato (1 ano)	104.171,56 €
Prórrogas (1 ano)	104.171,56 €
Modificación (10 %)	0,00 €
Suma	208.343,12 €

8. XUSTIFICACIÓN DO PROCEDEMENTO LICITACIÓN.

Co fin de garantir a maior concorrencia pública, e debido ás características do servizo, o procedemento mais idóneo para a licitación e posterior contratación do obxecto do contrato é o procedemento aberto de acordo co artigo 156 da LCSP en trámite ordinario (artigos 116 e 117 da LCSP).

Cualificación do contrato.- O contrato se cualificara como contrato de servizos de conformidade co artigo 17 da LCSP.

Contrato non suxeito a regulación armonizada artigo 22 e anexo IV da LCSP.

9. DURACIÓN DO CONTRATO

O prazo de execución é de 1 ano con posibilidade dunha prórroga dunha anualidade.

10. CLASIFICACIÓN

Código CPV	Descrición
55523100-3	Servizos de comidas para escolas.

En cumprimento de o disposto en o artigo 77 de a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, esíxese:

“a) Para os contratos de servizos non será esixible a clasificación do empresario.

11. CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

De conformidade co establecido no art 1.3 e concordantes LCSP os criterios sociais e ambientais son recollidos no presente prego de maneira transversal, en especial en canto aos criterios de adjudicación e condicións especiais de execución , e esixencia de cumprimento da normativa laboral (en especial cumprimento de convenios e obrigacións de pago de salarios así como de prevención de riscos laborais) normativa social (persoas con discapacidade, igualdade de xénero, non discriminación acodes) e ambiental (adopción de medidas ambientais e ecolóxicas), etc...





Concello de Mugardos

No presente prego establécense como condicións especiais de carácter ambiental, vinculadas ao seu obxecto, no sentido do artigo 145 LCSP, non sendo directa ou indirectamente discriminatorias a seguinte condición de execución:

Eliminación do papel. Todas as comunicacións co Concello deberán realizarse por medios telemáticos.

A empresa contratista deberá designar polo menos un/unha coordinador/a técnico/a ou responsable, integrado/a no seu propio persoal, que terá entre as súas obrigacións as seguintes:

- a) Actuar como interlocutor da empresa contratista fronte ao concello, canalizando a comunicación entre a empresa contratista e o persoal integrante do equipo de traballo adscrito ao contrato, dun lado, e a "entidade contratante", doutro lado, en todo o relativo ás cuestións derivadas da execución do contrato.
- b) Distribuír o traballo entre o persoal encargado da execución do contrato, e impartir a ditos traballadores/as as ordes e instrucións de traballo que sexan necesarias en relación coa prestación do servizo contratado.
- c) Supervisar o correcto desempeño por parte do persoal integrante do equipo de traballo das funcións que teñen encomendadas, así como controlar a asistencia do devandito persoal ao posto de traballo.
- d) Organizar o réxime de vacacións do persoal adscrito á execución do contrato, debendo para ese efecto coordinarse adecuadamente a empresa contratista co Concello, a efectos de non alterar o bo funcionamento do servizo.
- e) Informar ao Concello verbo das variacións, ocasionais ou permanentes, na composición do equipo de traballo adscrito á execución do contrato.

12. SUBCONTRATACIÓN.

A subcontratación na nova Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público. Regúlase nos arts. 215 a 217. O obxectivo final é favorecer o acceso á contratación pública das pequenas e medianas empresas, e modifica respecto de TRLCSP entre outras cuestións, a figura da subcontratación tal e como se pode ver a continuación:

O contratista pode concertar con terceiros a realización parcial da prestación. Non cabe a subcontratación total en ningún caso.

Non se determina a existencia de partidas esenciais ou críticas para o obxecto do contrato, que deben executarse polo contratista principal exclusivamente fóra dos labores de coordinación pola sensibilidade da devandita tarefa. Por tanto, non se permitirá en ningún caso a subcontratación dos labores de coordinación e relación con Concello.

13. MODIFICACIÓN DO CONTRATO.

Sen prexuízo dos supostos de sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato, revisión de prezos e ampliación do prazo de execución, os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público nos casos e na forma previstos na subsección 4ª da sección 3ª do Capítulo I do Título I do Libro segundo, e de acordo co procedemento regulado





Concello de Mugardos

no artigo 191 da LCSP, coas particularidades previstas no artigo 207 da LCSP.

De conformidade co previsto no apartado 2. b) do artigo 203 da LCSP, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, só poderá modificarse cando se cumpran as condicións que establece o artigo 205 da LCSP.

As modificacións do contrato formalizaranse de conformidade co establecido no artigo 153 da Lei de Contratos do Sector Público, e deberá publicarse no Perfil do Contratante de acordo co establecido nos artigos 207 e 63 da LCSP.

14. RESPONSABLE DO CONTRATO.

Ao responsable do contrato correspóndelle, de acordo co disposto no artigo 62.1 LCSP, supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que o órgano de contratación atribúalle.

Desígnase como responsable do contrato, de conformidade co establecido no art. 62 da LCSP, ao alcalde, a quen corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada. Incumbe á Administración, a través do responsable de contrato, exercer de maneira continuada a inspección e vixilancia dos traballos contratados. O responsable de contrato poderá así mesmo solicitar informes sobre a realización dos traballos, que deberán entregarse polo adxudicatario no prazo máximo de 5 días naturais a contar desde a súa solicitude.

Mugardos, documento asinado electrónicamente á marxe.

O alcalde, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, asinado dixitalmente na data que figura á marxe.

